



## Anexo I

# XXVII Travesía Abelardo López -Regulamento-

## 1. - ORGANIZACIÓN.-

Correrá a cargo da Concellería Municipal de Deportes de Ferrol, coa colaboración da Asociación de Padres y Amigos de Nadadores (cronometraxe, inscricións e clasificación) e estará rexida polas normas do presente Regulamento, co control da Delegación Ferrolana do Comité Galego de Árbitros.

## 2.- DATA E HORA DE CELEBRACIÓN.-

A travesía celebrarase o domingo **20 de agosto de 2017, ás 13:00 horas.**

## 3.- LUGAR DA PROBA.-

A proba discurrirá sobre un triángulo, dentro do dique do Patio de Armas do Arsenal Miliar de Ferrol.

## 4.- CATEGORÍAS

### 4.1.-PROBA FEDERADA

**4.1.1. INSCRICIÓN.-** Para a inscrición nesta proba é obrigatorio estar en posesión da licenza federativa.

**4.1.2. PERCORRIDO.-** Establécense dous percorridos:

Percorrido **A:** De 2.000 metros, para as categorías C-D-E-F-G

Percorrido **B:** De 1.000 metros, para as categorías A-B-H-I

A	Masculina	Nados 2005 e posteriores
	Feminina	Nadas 2006 e posteriores
B	Masculina	Nados 2003-2004
	Feminina	Nadas 2004-2005
C	Masculina	Nados 2001-2002
	Feminina	Nadas 2002-2003
D	Masculina	Nados 1999-2000
	Feminina	Nadas 2000-2001
E	Masculina	Nados 1990-1998
	Feminina	Nadas 1990-1999
F	Masculina	Nados 1984 a 1989
	Feminina	
G	Masculina	Nados 1974 a 1983
	Femenina	
H	Masculina	Nados 1964 a 1973
	Feminina	
I	Masculina	Nados 1963 e anteriores
	Feminina	





**4.1.3 TROFEOS.-** Terán trofeo os seguintes participantes da proba federada da travesía:

- Os tres primeiros clasificados en cada categoría, en masculino e en feminino do percorrido A ( 2.000 mts) e B (1.000 mts).
- Os participantes máis xove e de máis idade dos recorridos A, B, e C
- Os vencedores absolutos da travesía, na categoría masculina e feminina, tanto nos percorridos A ( 2.000 mts) como B ( 1.000 mts).

## **4.2.- PROBA POPULAR**

**4.2.1. INSCRICIÓNS.-** Son libres e poderán participar todos os nadadores que o desexen, posúan ou non licenzia federativa

**4.2.2.- PERCORRIDO.-** Establécense o seguinte percorrido

Percorrido C: De 500 metros popular para todas as categorías.

A	Masculina	Nados 2005 e posteriores
	Feminina	Nados 2006 e posteriores
B	Masculina	Nados 2003-2004
	Feminina	Nados 2004-2005
C	Masculina	Nados 2001-2002
	Feminina	Nados 2002-2003
D	Masculina	Nados 1999-2000
	Feminina	Nados 2000-2001
E	Masculina	Nados 1990-1998
	Feminina	Nados 1990-1999
F	Masculina	Nados 1984 a 1991
	Feminina	
G	Masculina	Nados 1974 a 1983
	Feminina	
H	Masculina	Nados 1964 a 1973
	Feminina	
I	Masculina	Nados 1963 e anteriores
	Feminina	

**TROFEOS.-** Os participantes da proba de 500 mts recibirán un agasallo conmemorativo da travesía.

## **5.- PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓNS**

Todas as inscricións ou calquera información deben dirixirse ao correo da Asociación ou CLUB MARINA FERROL, [clubmarinaferrol@gmail.com](mailto:clubmarinaferrol@gmail.com), como data tope o **Xoves 17 de agosto**.

Os datos necesarios para a inscrición serán:

- Número de licenzia (federados) ou DNI (non federados)
- Nome e apelidos
- Data de nacemento (día, mes e ano)
- Categoría de participación
- Club no que milita (participantes federados)





## 6.- SEGURIDADE.-

Durante a celebración da travesía a Organización contará coa colaboración de entidades de seguridade e deportivas co fin de garantir a seguridade dos nadadores/as durante a proba.

A Organización ten subscrito un Seguro Colectivo de Accidentes e Responsabilidade Civil. De tódolos xeitos, **a Organización recomenda aos participantes que, con anterioridade á proba, efectúen un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.**

7. - Non se poderán utilizar aletas, flotadores ou similares, nin ningún dos bañadores incluídos na lista vetada pola FINA.

### NORMAS SOBRE UTILIZACIÓN DE BAÑADORES

7.1. Se regulará atendendo a los acuerdos publicados por F.I.N.A. (BL 8 SWIMWEAR, FINA Bureau on 2 December 2016): Para las competiciones en aguas abiertas con una temperatura del agua desde 20°C los bañadores -tanto para hombres como para mujeres- no podrán cubrir el cuello, extenderse más allá de los hombros ni por debajo de los tobillos. En este caso, con las condiciones especificadas, los bañadores para competiciones de aguas abiertas deberán ser confeccionados con los mismos requisitos aplicables a los bañadores utilizados en piscina. A partir del 1 de enero de 2017, para las competiciones en aguas abiertas con una temperatura del agua por debajo de los 20°C, hombres y mujeres podrán utilizar bañadores textiles o térmicos (wetsuits). Cuando la temperatura del agua sea inferior a 18°C, la utilización de bañadores térmicos es obligatoria. En lo que se refiere a esta normativa, los "wetsuits" son trajes de baño hechos de material que proporciona aislamiento térmico. Estos bañadores para hombres y mujeres cubrirán completamente el torso, espalda, hombros y rodillas. No se extenderán más allá del cuello, las muñecas y los tobillos. FINA By Laws, vigentes desde 02.12.2016

8.- A organización poderá modificar este regulamento ou o circuíto polo que discorrerá a carreira sen aviso previo. Así mesmo, resérvase a facultade de decidir sobre calquera circunstancia ou aspecto que non se considere neste regulamento.

9.- Ao se inscribiren, todos os corredores aceptan a publicación do seu nome e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación ou en internet. De igual maneira, mediante a inscrición o/a corredor/a consente expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións respecto da súa actividade.

En calquera caso, tal e como establece a Lei de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través dun escrito ou correo electrónico dirixido ao Negociado de Deportes do Concello de Ferrol, praza de Armas s/n, 15402 Ferrol, <deportes@ferrol.es>.

10.- Coa inscrición na proba enténdense aceptadas todas as normas e demais consideracións reflectidas neste regulamento.

11.- A travesía darase por finalizada aos 45 minutos seguintes de darse a saída. Todo participante que non finalizase a mesma nese tempo, quedará descalificado automaticamente.


12.- A entrega de trofeos realizarase unha vez finalizada a proba.



Percorrido **A**: De 2.000 metros, para as categorías C-D-E-F-G



Percorrido **B**: De 1.000 metros, para as categorías A-B-H-I





Percorrido C: De 500 metros, para a proba popular.

